

# INFORMACIÓN

## • DATAS DE MATRÍCULA E PREINSCRICIÓN

### ALUMNADO INTERNO

Matrícula 29 abril ao 10 maio

### ALUMNADO EXTERNO

Prazas dispoñibles 21 de maio

Preinscrición 21 ao 27 de maio

Lista de persoas admitidas 3 de xuño

Matrícula 3 ao 7 de xuño

As prazas dispoñibles, así como a lista de admitidos serán expostas na páxina web.

## • ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

### MÚSICA E MOVEMENTO

Terán prioridade:

- Os solicitantes empadroados no Concello da Coruña.
- Aqueles que teñan un irmán menor de 18 anos matriculado no Centro.
- O criterio que estableza a Xunta para a adxudicación de prazas no curso 2024-2025.

### ÁREA XERAL

Terán prioridade:

- Os solicitantes empadroados no Concello da Coruña.
- Aqueles que teñan un irmán menor de 18 anos matriculado no Centro.
- Os solicitantes de menor idade.



ESCUELA MUNICIPAL DE MÚSICA DE A CORUÑA



Concello da Coruña

# ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE A CORUÑA

Rúa Torre, 67. 15002. A Coruña

TELF.: 981 226 752

CORREOS ELECTRÓNICOS:

direccionem@coruna.gal

jefaturaem@coruna.gal

administracionem@coruna.gal

PÁXINA WEB: www.coruna.gal/emm

## MATRÍCULA

71,61 €

## MENSUALIDADES

MÚSICA E MOVEMENTO

2 horas/semana

45,58 €

MÚSICA E MOVEMENTO  
CON PRÁCTICA INSTRUMENTAL

3 horas/semana

57,76 €

ÁREA XERAL

3 horas/semana

58,32 €

TALLERES

1 hora/semana

25,44 €

\* para segundos talleres ou instrumentos, consultar en administración os incrementos correspondentes.

## EXENCIÓN E REDUCCIÓN DE TAXAS

Este apartado únicamente é de aplicación ós alumnos empadroados no Concello da Coruña

- Exención de matrícula: estarán exentos de matrícula os segundos e demais fillos menores de 18 anos matriculados no centro
- Redución de taxas: ó alumnado menor de 18 anos ou xubilado con ingresos anuais netos menores de 3.971 € por cada membro da unidade familiar, e que cumpra cos requisitos establecidos (ver documento redución de taxas), se lle aplicará a taxa reducida: 30,90 € (tanto no importe da matrícula coma de cada mensalidade)

# ÁREAS

## • XERAL. DE 8 ANOS EN ADIANTE. Clásica, Tradicional, Jazz e Moderna.

### MATERIAS

#### AGRUPACIÓN

A materia de agrupación céntrase na interpretación en grupo de diverso repertorio onde o alumnado poida desenvolver os coñecementos adquiridos co seu instrumento fomentando o traballo en equipo e a solidariedade entre todos os compoñentes, motivando a improvisación e a creación propia e sendo un marco exemplificativo de inclusión.

#### INSTRUMENTO

Na especialidade de instrumento traballarase de maneira progresiva a

técnica, adaptándose sempre ao nivel do alumnado e reforzando a lectura musical sen esquecer que o pilar fundamental sobre o que traballa a EMM é a práctica en grupo.

#### LINGUAXE MUSICAL

Como o seu propio nome indica nesta materia abordaremos os contidos e ferramentas necesarias para comprender e gozar de toda a linguaxe que integra a música: lectura melódico-rítmica, educación auditiva e vocal, harmonía, improvisación, análise...

### INSTRUMENTOS

- Canto clásico
- Canto moderno
- Clarinete
- Frauta
- Saxofón
- Gaita
- Batería
- Percusión latina
- Percusión tradicional
- Guitarra clásica
- Guitarra eléctrica
- Baixo eléctrico
- Piano
- Acordeón
- Violín
- Viola
- Violonchelo
- Contrabaixo

### HORARIOS

Horario de tarde.

#### OPCIÓN 1

Luns	Linguaxe Musical
Martes/mércores	Instrumento
Xoves	Agrupación

#### OPCIÓN 2\*

Venres	Linguaxe Musical, Instrumento e Agrupación
--------	--

\* Só dispoñible en: piano, gaita, guitarra eléctrica, batería, canto lírico, saxofón e percusión tradicional.

## • MÚSICA E MOVEMENTO. DE 4 A 7 ANOS

#### CONTIDO

Nesta área introdúcese ao alumnado máis pequeno na aprendizaxe da música dende un enfoque lúdico, auditivo e intuitivo, ademáis de poñer en valor a educación inclusiva e a solidariedade entre o grupo. A metodoloxía empregada da EMM baséase nunha práctica grupal con instrumental orff, particularmente o xilófonos e metalófonos cromáticos,

fomentando así a creatividade e o desenvolvemento das aptitudes de todo o alumnado.

#### HORARIOS

Son dous días á semana, en horario de **15:30** horas a **19:30** horas, de luns a xoves. As clases terán unha hora de duración. Nota: para abrir o grupo das 15:30 horas, necesítase un mínimo de 7 alumnos por clase.

#### PRÁCTICA INSTRUMENTAL

Alumnado interno dende os 6 anos. Só nos instrumentos nos que existan prazas vacantes.

#### MATRÍCULA

Poderán realizala en música e movemento, aqueles alumnos e alumnas que cumpran de 4 a 7 anos, **antes do 31 de decembro de 2024.**

## TALLERES

O alumnado que queira asistir realizará unha entrevista previa coas persoas responsables do taller.

#### CORO ADULTOS

**XOVES:** 20:30 a 21:30 h.

#### CORO MODERNO

**MÉRCORES:** 18:30 a 19:30 h.

#### PEQUENOS CANTORES

**VENRES:** 17:30 a 18:30 h.

#### BANDA DE GAITAS

**XOVES:** 18:30 a 19:30 h.

#### VOZ E PERCUSIÓN TRADICIONAL

**VENRES:** 18:30 a 19:30 h.

#### CO RITMO NAS MANS

**XOVES:** 19:30 a 20:30 h.